

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA A PRIMEIRA FASE DA REHABILITACIÓN DA CAPELA DE SINDE PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN MEDIOAMBIENTAL E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DO ESTUARIO DO ANLLÓNS

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Cabana de Bergantiños o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Cabana de Bergantiños para a primeira fase da rehabilitación da capela de Sinde para Centro de Interpretación Medioambiental e de Recepción de Visitantes do Estuario do Anllóns.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



**Segundo.-** Que o Concello de Cabana de Bergantiños é consciente de que o seu Patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o Concello de Cabana de Bergantiños está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendibilizar o seu Patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

**Terceiro.-** A antiga capela de Sinde, na parroquia de Canduas, é unha edificación singular e emblemática do municipio de Cabana de Bergantiños, que conta cunha posición estratéxica de cara a posibles visitantes da Costa da Morte. O entorno da capela é unha zona elevada, nun entorno de núcleo rural próximo a vivendas unifamiliares e a zonas de cultivo. Deste esta zona alta pode divisarse toda a ría de Corme-Laxe, ata a enseada de Insua e a desembocadura do río Anllóns.

Ademais, neste entorno sitúase o Castro de Sinde, sen escavar, pero catalogado como recinto e como valor patrimonial de referencia na zona. Por esta zona discorre unha parte da ruta de sendeirismo O Camiño dos Faros, duns 200 Km de percorrido, que recorre o borde litoral de varios municipios, sendo especialmente importante na zona de Cabana de Bergantiños. Xérase nesta zona unha marisma, carriceiras, xunqueiras, extensas praias con dunas e cantís que forman un espazo importante de desenvolvemento da fauna e flora características e propias desta área.

Trátase dun importante lugar de tránsito a nivel ornitológico. Está protexida como Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA). Nesta zona conviven especies en perigo de extinción con outras de especial interese ornitológico, que aproveitan o estuario para a súa alimentación ou para ter espazos seguros para o seu resguardo. Ademais paran aves que realizan rutas migratorias des Europa, Asia, África e incluso América do Norte. Na desembocadura do Anllóns sitúase un estuario de importancia vital a nivel de flora e fauna na zona. Trátase dun importante ecosistema formado polo Monte Branco, un complexo dunar e a enseada da Insua. A zona, ademais, está catalogada como LIC (Lugar de Importancia Comunitaria) de Costa da Morte, quedando dentro da Rede Natura 2000.



A nivel turístico conta con numerosos enclaves estratéxicos: Ruta dos Faros, Dómen de Dombate, miradoiro de Punta de Taboído, Castro de Borneiro, etc, o que favorece a entrada de visitante no concello.

Dada a súa riqueza patrimonial, a súa posición na ría e a súa vinculación co mar e o marisqueo, o Concello de Cabana de Bergantiños pretende realizar actuacións de rehabilitación da capela para Centro de Interpretación Medioambiental e Recepción de Visitantes do Estuario do Anllóns.

**Cuarto.-** Este templo foi levantado na posguerra por un veciño en homenaxe á Virxe de Fátima, mais co paso do tempo foi caendo no abandono e foise deteriorando, ata chegar á actualidade nun estado ruinoso, polo que calquera obra pasará previamente por unha consolidación estrutural dos muros de cachotaría. Varios dos muros están en estado ruinoso, e a nave lateral máis próxima ao viario atópase semienterrada, o que podería provocar diversas patoloxías nunha futura recuperación da edificación. Para poder transformar, recuperar e utilizar este edificio emblemático no municipio deberá acometerse unha rehabilitación integral actuando en todos os elementos existentes, e deberá executarse un novo sistema de cimentación, estrutura, envolvente, etc.

O que se pretende é dotalo dun uso público, turístico, vinculado ó mar, á Costa da Morte e ás rutas marítimo-costeiras que unen todos os municipios do litoral. Este será un centro de interpretación medioambiental para divulgación, concienciación, mostras, exposicións ou charlas sobre fauna e flora do Concello de Cabana de Bergantiños e de toda a comarca.

Quérese recuperar e consolidar o que queda da edificación orixinal para este novo uso. Para iso deseñaranse unha serie de actuacións que en todo momento se diferenciarán da parte orixinal. Polo tanto, creárase un novo edificio dentro da envolvente da antiga capela de Sinde, podendo en todo momento integrar neste conxunto a súa esencia, sen desvirtuar a súa xeometría ou arquitectura orixinal.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Cabana de Bergantiños unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de



conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

